

IV CONCURSO DE DEBUXO PICASSO CORUÑÉS



Pablo Picasso: *La Coruña*-revista manuscrita. 16-9-1894.
Pluma, tinta marrón e lapis sobre papel. 21 x 26,8 cm.
© Sucesión Pablo Picasso, VEGAP, Madrid, 2017

A Asociación da Prensa da Coruña (APC) convoca o IV Concurso de Debuxo *Picasso coruñés* co patrocinio da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Educación (Xunta de Galicia), da Asociación Comarcal de Mulleres Profesionais, Autónomas e Directivas da Coruña e das Escolas Infantís «Os Pequerrechos», e coa colaboración do IES Eusebio da Guarda da Coruña

OBXECTO DO CONCURSO

Durante a súa estancia na Coruña, o adolescente Picasso elaborou xornais de tamaño folio nos que combinaba textos e debuxos. Bautizounos como *Azul y Blanco* e *La Coruña*. Os participantes teñen que emular estes xornais, pero cun contido actual. Na páxina web do Museu Picasso de Barcelona (www.museupicasso.bcn.cat/es), no seu apartado A Colección, pódese acceder a numerosas obras realizadas polo artista andaluz na Coruña.

QUEN PODE PARTICIPAR

Alumnado de centros públicos, concertados e privados de toda Galicia de:

- 3º e 6º de Primaria
- ESO

CATEGORÍAS

- Grupo A (3º, 4º, 5º e 6º de Primaria)
- Grupo B (1º e 2º de ESO)
- Grupo C (3º e 4º de ESO)

COMO PARTICIPAR

Coa elaboración dun xornal, cada alumno/a ou grupo de alumnos/as –poderán participar de forma individual ou en grupo cun número máximo de tres– optan a calquera dos tres premios: «mellor periódico», «mellor ilustración» e «mellor redacción».

Os traballos, que se poderán elaborar en castelán ou en galego, presentaranse en tamaño A4 e cubertos por unha soa cara. Remítiranse nun sobre pechado, por correo certificado, a esta dirección: Asociación da Prensa da Coruña, R/ Durán Loriga, Nº 10, 4º, 15003 A Coruña.

O sobre levará o nome completo do profesor responsable do alumno/s, así como o nome e dirección do colexio, ademais da indicación «Concurso de Debuxo Picasso Coruñés». Dentro del irá o traballo en cuestión e nun folio A4 á parte o nome do profesor ou da profesora responsable co seu enderezo de correo electrónico, así como o nome, apelidos e curso que estuda o alumno ou alumnos.

DATAS

- O concurso convocarase en xaneiro de 2018.
- A data límite para enviar os traballos a concurso será o 18 de maio de 2018.
- O xurado emitirá a súa resolución en maio de 2018.

PREMIOS

Estableceranse tres premios por categoría (A, B e C), que serán os seguintes:

- **Premio *Picasso Coruñés* ao mellor xornal.** Os gañadores de cada unha das tres categorías recibirán un cheque regalo de 450 euros (se o/os traballo/s se presentan en grupo dividirase o cheque-regalo a partes iguais entre os alumnos gañadores). Os tres profesores que envíen os traballos gañadores recibirán un lector de libro electrónico.



• **Premio José Luis Bugallal Marchesi á mellor ilustración.** Bugallal foi un xornalista pioneiro na investigación do Picasso coruñés. Os gañadores de cada unha das tres categorías recibirán un cheque regalo por valor de 300 euros (se o/os traballo/s se presentan en grupo dividirase o cheque-regalo a partes iguais entre os alumnos gañadores).

• **Premio Olga Cristina Viaño Sánchez á mellor redacción.** Viaño foi pioneira na dirección dun diario de información xeral en Galicia. Os gañadores de cada unha das tres categorías recibirán un cheque regalo por valor de 300 euros (se o/os traballo/s se presentan en grupo dividirase o cheque-regalo a partes iguais entre os alumnos gañadores).

Igualmente, distinguirse con accésit un mínimo de 5 obras de cada unha das categorías, consistindo neste caso o seu premio nun diploma acreditativo de tal condición e na exhibición dos traballos.

ENTREGA DE PREMIOS

O acto de entrega de premios celebrarase no salón de actos do IES Eusebio da Guarda da Coruña, edificio no que Picasso estudou Belas Artes e ensino secundario.

EXPOSICIÓN

Foi na Coruña onde Picasso realizou a súa primeira exposición en 1895. Ao fío deste feito histórico, os mellores traballos do concurso tamén serán mostrados, neste caso nunha exposición conxunta a celebrar nunha dependencia pública ou privada da Coruña.

XURADO

O xurado será presidido polo titular da APC (ou a persoa na que delegue) e estará composto, ademais, polos seguintes membros:

- Unha persoa designada pola Xunta de Galicia.
- Unha persoa designada pola Asociación Comarcal de Mulleres Profesionais, Autónomas e Directivas de A Coruña.
- Unha persoa designada polas Escuelas Infantiles «Os Pequerrechos».
- Un representante da APC.

O presidente do xurado terá voto de calidade naqueles supostos que se consideren necesarios.

Non poderá declararse deserto ningún premio.

A resolución do xurado será inapelable.

Os gañadores serán informados da resolución vía correo electrónico.

PROPIEDAD DOS TRABALLOS

Os traballos recibidos non lles serán devoltos aos autores/as. Desde o momento da súa entrega, os dereitos de propiedade das obras pasarán a ser da Asociación de la Prensa da Coruña sen límite territorial e temporal. A participación neste concurso supón a aceptación dos termos da convocatoria expostos nas bases do concurso.





Irene Álvarez Mayo e
Adhara Alonso Rodríguez
(1º de ESO do IES Carlos
Casares de Vigo): A Voz
dos Feirantes.
Premio á mellor
ilustración na categoría B
na terceira edición do
Concurso de Debuxo
«Picasso coruñés»

Organiza:



Patrocinan:



Colabora:

